

The entire page is framed by a decorative border of holly leaves and red berries. The border consists of a top row, a bottom row, and two side columns, all featuring realistic illustrations of holly foliage.

Ciclo festivo en Galicia **Inverno**

NADAL

C.E.I.P. "XESÚS SAN LUÍS ROMERO"
CURSO 2011-12
ENDL

O Nadal en Galicia comprende distintas celebracións entre os días 24 de decembro e o 6 de xaneiro e conmemórase o nacemento de Xesús, pero moitos etnógrafos din que as verdadeiras raíces son moi anteriores e están relacionadas co Solsticio de inverno.

O ciclo comeza coa celebración da Noiteboa, para continuar cos Santos Inocentes e o Aninovo, rematando cos Santos Reis. Todas estas celebracións foron difundidas pola Igrexa a partir do século IV da nosa era

A orixe do Nadal

O 21 de decembro, coa chegada do solsticio do inverno celébrase a antiga festa celta do "**Alban Arthuan**". O cristianismo marcou o día 25 de Nadal para lembrar o nacemento de Cristo coincidindo coas celebracións profanas e desa maneira capitalizou a festa. Unha das razóns da rápida propagación da cristiandade por toda Europa durante o primeiro milenio débese precisamente á incorporación dos ritos, crenzas e costumes doutras relixións e culturas , tal e como xa fixeran os romanos na súa conquista.



O "**Alban Arthuan**" era un dos antigos festivais celtas do lume. Tiña lugar durante a noite que ía do 21 ó 22 de decembro (segundo o método que usaban os druídas para medir o tempo), e coincidía co solsticio de inverno. "**Alban Arthuan**" - en galego "**A Lumeira de Artur**" - facía referencia ás lendas artúricas que afirmaban que o mítico rei naceu no solsticio de inverno.

O Alban Arthuan marcaba a celebración tanto do día máis curto do ano coma do renacemento do sol. Cóidase que o Alban Arthuan era tamén un tempo de fertilidade acrecentada, coma eran tamén os outros festivais do lume, coma o Samaín e a festa de Beltane. O primitivos calendarios celtas medían os meses segundo as voltas da lúa ao redor da terra, o que difería do arbitrario sistema do calendario xuliano, que se baseaba máis nas crenzas dos papas que nos ciclos naturais da lúa e do sol.



Noiteboa

Celébrase o 24 de decembro, e conmemórase o nacemento do neno. Por tal motivo refórzase a unión da familia, normalmente na casa paterna.

Nesta unidade familiar inclúense as ánimas dos familiares falecidos, que se cre que veñen participar na cea. Por iso na cea de Noiteboa é costume servir un prato máis na mesa para os familiares mortos. Ou tamén se deixaba a mesa sen recoller para que comesen as ánimas dos ausentes, para os que tamén se deixaba a lareira acesa.



Ata non hai moito tempo era día de abstinencia, polo que non se servían carnes, polo que era costume comer bacallau con coliflor, ou ben polbo, verza ou grelos.



Misa do galo

Celébrase á medianoite e debe o nome ó costume de levar un galo, costume documentado xa na Idade Media. Pode estar relacionado co canto do galo que anuncia o día, simbolizando que nesa noite chega a luz que vence ás tebras.

O Papa Sisto III introduciu no século IV a celebración en Nadal dunha vixilia nocturna, *tras canta-lo galo*, é dicir, a partir da medianoite, nun pequeno oratorio chamado *ad praeseptum*, ante o presebe, situado tras o altar maior da Basílica de Santa María a Maior de Roma. Desa expresión temporal xorde o nome de *Misa do galo* á que se celebraba nese momento.

Dentro da celebración festiva desta data, inclúense bromas entre os fieis que asisten á misa, como coser as saias de dúas mulleres que senten xuntas ou botar tinta na pía da auga bendita.



Nadal

Durante o día 25 de decembro, día do Nadal, os rapaces van de casa en casa reunidos en *xuntas*, *bandos*, *aguinaldeiros* ou *ranchos*, cantando panxoliñas que acompañaban con gaitas, pandeiros, ferriños ou cunchas. Basicamente, comezan pedindo permiso ó dono da casa e logo seguen os saúdos e cantos con motivos do Nadal:

*Déano-lo aguinaldo
anque sexa pouco
Un touciño enteiro
e a metade doutro.*




Finalmente, piden un aguinaldo ao homenaxeado, que adoita consistir en chourizos, ovos, castañas, pan, viño etc., que a *xunta* agradece con coplas de louvanza e que vai amoreando para comer ao día seguinte dentro dunha festa de todos os compoñentes:

*Nesta casa caleada,
caleada de pemento,
que por moitos anos vivan
os señores que están dentro.*



Hai ocasións nas que o dono da casa rexeita as panxoliñas ou nega o aguinaldo, o que supón cantos de aldraxe:

*Esta casa é de palla
esta casa non val nada
Cantámosche os reises
do quiquiriquí
se non nos dás nada
caghámosche aquí.*



A palabra *panxoliña* tamén designa os mecos ou accións cariñosas con intención de adular, e de aí a expresión *Déixate de panxoliñas* coa que se rexeita a quen quere gañarnos a vontade con afagos e aloumiños.

Santos Inocentes

O 28 de decembro celébrase a matanza dos nenos de Belén que decretara Herodes para acabar con Xesús. Nesta data fanse bromas uns aos outros, denominadas especificamente *inocentadas*. Crese que non se debe traballar neste día porque, senón, os Inocentes vingaranse de quen o faga, causando o fracaso do que intenten facer. Crese tamén que as manchas na pel dalgunhas persoas débense a que a nai traballara neste día estando embarazada.

En Lugo celebrábase, polo menos ata o século XVII, a *Festa do Bispiño* ou *dos Bispiños*, común tamén con outros puntos de España. Consistía en nomear *bispo* por un día a un rapaz, que imitaba os actos e modos do bispo real. Aínda que o costume non tiña intención irreverente senón que ensalzaba a inocencia do rapaz, dos nenos en xeral, terminou sendo prohibido nas *Constituciones* do bispado de Lugo de 1669, quizais pola inversión dos valores morais que significaba



Taboada Chivite escribía en 1963 que o único resto que permanecía destas *festas dos bispiños* era deixar que un meniño dirixise o coro da catedral de Ourense.



Noitevella


A tradición de tomar as doce uvas, remóntase a principio do século XX.

Este costume é exclusivo do noso país, a súa orixe no foi por motivos relixiosos ou culturais, senón mais ben por intereses económicos.

Na Noitevella do 1909, os colleiteiros idearon o rito de tomar as uvas da sorte, na última noite do ano, para desfacerse do excedente de uvas daquel ano.




Con elas damos paso ao aninovo que celebramos na coñecida como Noitevella: unha tradición que se remonta ós inicios do Imperio Romano onde dedicaban xaneiro ao deus Janus que mira diante e detrás: o ano que se vai e o principio do que ven, representados en dous rostros de home vello e mozo. Entón os romanos convidaban a xantar aos amigos e intercambiaban mel con dátiles e figos para que o ano empezase con bo sabor.



Feliz Ano Novo!
Happy New Year!

Aninovo

O primeiro día de ano, e moitas veces continuando o ritual do día anterior, é tamén día de cantar panxoliñas, nesta data chamadas *aninovos*, *anibóns* ou *xaneiras*, tamén a cambio do aguinaldo que se lles ha entregar aos cantores. Ao estar este día dedicado ós Manueis, cantan ás persoas con este nome unhas coplas especiais, chamadas precisamente *manueis*, ás que o protagonista responde invitando a todos a unha ronda de viño. Outros etnógrafos matizan este costume no sentido de que eran os casados no ano anterior os que ían percorrendo durante a noite as casas dos que se chamaban Manuel, cantándolles coplas e celebrando con eles o novo ano con viño ou augardente. Os *manueis* remataban uníndose ao grupo e continuando a ronda de casa en casa ata a madrugada do aninovo.



En aninovo ou, noutros sitios, o día anterior, celebrábase o rito das *Cédulas*, que en Verín recibía o nome de *estrechos* ou *estrechas*. Consiste en xuntarse mozos e mozas nun fiadeiro ou no adro da igrexa, ao redor do *lume novo*, para realizar un sorteo para emparellar os mozos e mozas do lugar: colocaban nun bote papeis cos nomes deles e noutro cos nomes delas e sacaban alternativamente un papel de cada bote para formar as parellas.

Neste día co que comeza o ano, os mozos vestían roupa nova, como augurio da nova vida que terían o ano entrante.



Reis

As primeiras referencias de Melchor, Gaspar e Baltasar aparecen por no século VII nun Códice da Biblioteca de París. Pero, quen son estas entrañables persoaxes tan agardadas, ano tras ano, sobre todo pol@s máis pequen@s?

San Mateo citaos nun dos Evanxeos da Biblia e narra como uns Magos, guiados por unha luminosa estrela, chegan a Belén para adorar ao Neno Xesús.

Sen mencionar os seus nomes (ata o século IX) nin a súa orixe, algunhas interpretacións din que podían ter sido astrólogos babilonios ou sacerdotes persas, e dise que son tres polo número de agasallos ofrecidos: ouro, incienso e mirra. As tradicionais cabalgatas na noite do 5 de xaneiro anuncian a chegada destes Magos de Oriente que poñen o remate ás festas de Nadal.



Deses agasallos que lle fixeron quedou a tradición de facerlle un agasallo aos nenos.



Algunhas tradicións

O tizón de Nadal

Entre os celtas existía un costume chamado "das velas do Nadal". Esta tradición consistía en manter unha vela prendida para a Nai Terra durante o solsticio de inverno, empregando os restos da vela do ano anterior. Debía arder doce horas para traer boa sorte. Baseado nesta tradición xurdiu unha das tradicións máis antigas e de maior raigame en Galicia, o chamado Cepo ou Tizón de Nadal. Esta foi unha tradición moi común especialmente en Lugo e Pontevedra.

O Cepo de Nadal era unha póla grande de boa madeira, xeralmente de carballo que se botaba ao lume da lareira para que ardese durante toda a noite. Nalgunhas bisbarras, para facer o cepo empregábase o chamado "lume novo" pois as brasas dese lume facíanse nas lareiras das casas queimando toxos, antes bendicíase esa leña miúda o Sábado Santo no adro da igrexa e gardábase porque daba boa sorte á familia e só se volvía acender na noite de Nadal.



Así, ao calor dese lume, xuntábase a xente maior e cantaban panxoliñas, contaban historias da Santa Compañía, de mouros, serpes, encantos, contos de risa, etc., mentres os pequenos xogaban. Tamén se pensaba que nesa noite as ánimas da familia estaban presentes arredor do lume.

Este cepo do Nadal era moito máis que ver como se consumía ao lume unha noite ao ano, pois o carbón que se producía non se tiraba senón que se gardaba nun recuncho da casa porque tiña propiedades máxicas. Cando tronaba, tanto nas tormentas do inverno como de verán, íase buscar un anaco deste carbón do cepo, poñíase de novo na lareira para que espantase os tronos.



apalpador

O vello Apalpador, tamén chamado en zonas Apalpabarrigas, ou Pandegueiro en partes do oriente ourensán, é unha figura lendaria galega que achega os agasallos aos nenos polas datas de Nadal. Até os nosos días amósase como un xigante que baixaba das devesas e apalpaba as barriguiñas dos cativos. Se estaban cheas dicía: «**Así, así esteas todo o ano**» e deixáballes unha presa de castañas. Senón calaba, pero deixáballes tamén as castañas.

Para tranquilizar aos rapaces, bulideiros pola inquedanza da chegada do Apalpador, os pais cantábanlles:

*Vaite logo, meu meniño (miña meniña)
marcha agora para a camiña
Que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña*

*Xa chegou o día grande
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande
e virá o Apalpador.*

*Mañá é día de cachela,
que haberá gran nevarada
e há vir o Apalpador
cunha mega de castañas.*

*Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.*



acivro

Trátase dun arbusto de entre dous e cinco metros de altura, de longa vida (sábese de acivros de ata 300 anos), con follas de beiras onduladas e espiñentas e o seu froito -non comestible- é unha boliña vermella que madura en outono e mantense varios meses durante os que se emprega como elemento ornamental.

En Galicia dáse, fundamentalmente, na serra de San Mamede (concellos de Maceda, Montederramo, Vilar de Barrio e Laza), na serra dos Ancares, en O Incio, no val do Lóuzara, no monte Oribio (Concello de Samos), no Courel (especialmente na Devesa da Rogueira), e preto da costa como na fraga de Caaveiro ou no concello de Gondomar, na parroquia de Morgadáns.



Ademais de empregarse como substituto do ébano, o acivro ten outros usos relacionados coas crenzas. Xunto á relacionada co amor (falan as tradicións dun ritual que consiste en cortar una pola de acivro ás doce da noite de San Xoan para, logo de pasala trece veces baixo as ondas do mar mentres se reza un credo de cada vez, tocar con ela á moza elexida), o acivro está intimamente relacionado co Nadal. Un costume que ven de vello cando na entrada do inverno as tribos xermánicas colocaban pólas de acivro nos seus cuartos, ou cando en tempos dos romanos se asociaba ás festas de finais de decembro que se celebraban na honra de Saturno, o deus da sementeira.

Belén

Nos pobos de tradición católica, o nacemento de Xesús nun pesebre de Belén represéntase con réplicas deste momento: o pesebre, o boi e a mula, Xosé, María e Xesús, os pastores e os Reis Magos forman parte da simboloxía popular iniciada por San Francisco de Asís en 1223, segundo conta a lenda. En España foi a dona de Carlos III quen levou á Corte unhas figuriñas de porcelana procedentes de Nápoles e que representaban o Nadal. Prendado deste nacemento, o monarca mandou traer un Belén completo para o seu fillo e mandou crear unha fábrica de porcelana.



A árbore de Nadal

A colocación do pino de Nadal é unha tradición anterior á cristiandade e provén da cultura celta onde adoitaba celebrarse a chegada do inverno colocando unha árbore - xeralmente un abeto- no centro do pobo adornado con cáscara e ovo pintadas.

Algunhas investigacións especifican que esta árbore estaba presente nas cerimonias da primitiva Roma, sendo conservado polo cristianismo que o adornou con obxectos brillantes e velas que representaban o sol, a lúa e as estrelas.

Foi cara o século XVI cando Marín Lutero e os seus seguidores adaptaron este costume e introduciron a árbore adornada con velas na noite do 24 de decembro en fogares e templos.



Existe paralelamente a lenda dun misioneiro inglés que difundía a palabra de Xesús entre as tribos do norte de Alemaña. Ao chegar a Geismar viu como pretendían sacrificar a un príncipe atado ao tronco dunha árbore para ser ofrecido ao deus Thor. Irrompendo na cerimonia, o misioneiro derribou a árbore cunha macheta, brotando nese mesmo intre un fermoso pino que, segundo a lenda, era a proba da vida nova que representaba Xesús.


Posteriormente, o príncipe Alberto, home da raíña Victoria, popularizou esta tradición no século XIX, difundíndose polo mundo.

Refráns

- Navidá en venres, sementa onde poideres;
Navidá en domingo, vende os bois e bótao
en trigo.
- O día de santo Estevo córtalle o rabo ao teu becerro.
- Polo san Estevo rapa o becerro.



- Se a noite de Nadal está clara, ara, boi,
ara; se está escura, ara, boi, no duro.
- Se a noite de Navidade fai luar, labra
ben pra sementar; se a noite de
Navidade fai escuro, sementa no
terreo duro.



- Si a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; si a noite de Navidá
foi de escuro, sementa no terrón duro.

Panxoliñas

**Son voltas, son voltas,
son voltas que o mundo dá,
son voltas, son voltas
da noite de Navidá.**

*Año novo con ben veñas,
como o sol entre as estrelas,
os cabritos coas cabras
e os años coas ovellas.*

*Año novo aí nos vén,
Dios nolo traia con ben,
Dios nos dea tantas ovellas
como no ceo hai estrelas.*

**CANTÁMOSLLE OS REIS
GUEDELLOS DE CABRA;
CANTÁMOSLLE OS REIS
E NON DICHES NADA.**

Cantos de Reis

Hai outro aspecto da festa de Nadal que revelaba a potenciación da infancia e da xuventude. Grupos de mozas e de mozos percorrían as aldeas ou parroquias cantando *panxoliñas* en Nadal, *Xaneiras* ou *Manueles* en Aninovo e todas elas eran de literatura popular transmitidas oralmente. A cambio do seu cantar, a mocidade solicitaba un *donativo* xeralmente en especie (chourizos, torradas, roscas, etc.), que despois consumían en foliada propia da idade. Velaquí, unha oportunidade festiva aproveitada polos rapaces, que podían conseguir algúns bens que en tempo non festivo controlaban os adultos. A obriga destes últimos era entregar o donativo, arriscándose, en caso de non facelo, a sufrir o ataque verbal da rapazada, en uso dos dereitos que exercía. Por iso o cantar podía ser de loanza, en caso de obter o desexado, pero tornábase ferinte, e mesmo insultante, no caso contrario.


Por exemplo, este era un cantar de Reis que nos amosa a reacción ante a segunda das actitudes citadas, e dicir ó non recibir ningún donativo.



*Cantámosche os Reises,
canela de cabra,
fuciño do coche,
orella queimada;
cantámosche os Reises,
non nos deches nada.*



Nas festas de Nadal, Reises ou Ano Novo, os mozos formaban coros que recorrían as casas nas aldeas festexando con cantos o día, unhas veces sen acompañamento, outras con pandeiretas, cunchas, ferros e gaitas.



E para saber máis...

http://www.galiciaespallada.com.ar/nadal_en_galicia.htm



<http://nadal.galiciadigital.com/>

<http://bergante.wikispaces.com/NADAL>

<https://sites.google.com/site/pucanadal/>



<http://www.coordinadoraendl.org/nadal2010/recursos/index.php>

https://docs.google.com/View?id=drcc5w9_57z3bkz8dt&pli=1

Aprendo e xogo en....

<http://www.educalim.com/biblioteca/index.php?q=nadal>

<http://actividadeslim.nireblog.com/post/2009/12/04/nadal>

<http://www.vedoque.com/juegos/juego.php?j=Navidad-2008>

